

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

28 de abril de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e oito de abril de dous mil dezasais; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asiste SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, que xustificou a súa ausencia. Durante o debate e votación do punto 12/86 está ausente da devandita sesión DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, á que se reincorpora no punto antes de procederse á declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal Lugonovo



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2016

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/75 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas o día 26 de novembro de 2015 (ORDINARIA) e 1 de decembro de 2015 (EXTRAORDINARIA), nos seus propios termos.

A) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

a) **SENTIMENTO POLO PASAMENTO DE DONA MARÍA TERESA DAVIÑA SAAVEDRA.-**

B) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSICIÓNS

2/76 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 111/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE TRÁFICO E MELLORAS NO BARRIO DA PONTE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar o equipo de goberno a que elabore un Plan de Tráfico no barrio da Ponte que recolla melloras na seguridade viaria, así como estudar as posibles reordenacións de tráfico para evitar os atascos que se xeran na zona.

SEGUNDO.- Instar ao Concello de Lugo e á Deputación Provincial de Lugo a que execute o máis axiña posible as obras anunciadas e comprometidas para a rúa Fermín Rivera.

3/77 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 117/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN CONSELLO MUNICIPAL PARA O IMPULSO DAS POLÍTICAS VERDES.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** a creación dun Consello Municipal para o Impulso das Políticas Verdes, integrado por grupos políticos, entidades sociais, asociacións ecoloxistas e expertos na materia, co fin de potenciar a Economía Verde no Concello en base aos seguintes preceptos:

- Potenciación da eficiencia enerxética en tódolos edificios da cidade.
- Mellora da eficiencia e o aforro enerxéticos do alumeadado público municipal.

- Substitución paulatina das subministracións de enerxía eléctrica municipal por outros tipos de subministracións procedentes de fontes de enerxías limpas.
- Reimpulso nas ordenanzas municipais dos beneficios e incentivos fiscais encamiñados á eficiencia e aforro enerxéticos.
- Posta en marcha das instrucións sobre a contratación pública social e medioambientalmente responsable no Concello de Lugo, aprobada na sesión plenaria do 26 de Novembro de 2015.
- Aumento e mellora das zonas verdes e arboladas do municipio.
- Potenciación da reciclaxe, con aproveitamento e reutilización de materiais mediante o fomento de empresas cooperativas adicadas a este campo.
- Aplicación de medidas encamiñadas á redución do volume de residuos.
- Favorecemento da compostaxe como solución aos residuos orgánicos tanto polo beneficio medioambiental que representa, como na potencialidade económica que leva asociada.
- Organización anualmente dunhas xornadas de análise e difusión da Economía Verde.

4/78 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 118/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO MANTEMENTO E ACCESIBILIDADE DOS PARQUES INFANTÍS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Asegurar dentro do proceso de mantemento dos parques e xardíns actuais que contén con instalacións adecuadas, seguras, e cun programa de limpeza específico e diario.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso para levar a cabo a reconversión e adaptación progresiva de todos os parques infantís para que no menor tempo posible sexan accesibles para persoas con diversidade funcional, tendo en conta estas posibles características:

- Instalación de balancíns con respaldo e randeiras adaptados.
- Creación de áreas de xogos interactivos e sensoriais, incorporando sistemas como o de lectura de Braille ou pictogramas.
- Procurar que as instalacións estean a nivel de chan e que o espazo sexa ancho, para facilitar o acceso a persoas con mobilidade reducida, do mesmo xeito que os itinerarios cumpran con medidas que faciliten o acceso, especialmente nas zonas de xiro.
- Instalación de randeiras con ramplas para aqueles nenos e nenas con dificultades motrices.
- O firme das devanditas áreas de xogo debe ser dun material compacto que minimize os danos en caso de caída, como o caucho.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2016

- Evitar que a subida á plataforma de xogos sexa exclusivamente mediante escaleiras verticais ou banzos e conte coa opción de ramplas coa inclinación e medidas de seguridade precisas.

TERCEIRO.- Solicitar da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo financiamento e asesoramento técnico para levar a cabo esta adaptación dos parques para dar resposta ás necesidades de persoas con diversidade funcional.

CUARTO.- Estudar a viabilidade da creación dun novo parque totalmente adaptado e accesible na zona centro que alivie a saturación dos actuais.

5/79 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 121/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DUNHA MESA DE TRABALLO PARA A POSTA EN VALOR DOS BENS PATRIMONIO DA HUMANIDADE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** crear unha Mesa de Traballo na que se invite a participar a representantes da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Obispado de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, expertos na materia como Don Ricardo Polín e Don Adolfo de Abel Vilela, e Asociacións como a de Amigos do Camiño de Santiago na provincia de Lugo, para coordinar os traballos de recuperación, mantemento e posta en valor dos tres bens Patrimonio da Humanidade como son a Muralla Romana, a Catedral e o Camiño Primitivo no tramo do Concello de Lugo.

6/80 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 122/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE PLANEAMENTO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao equipo de goberno a que convoque a Comisión de Planeamento para debater todas aquelas cuestións relativas ao urbanismo.

7/81 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 124/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS DA XUNTA DE GALICIA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** dar os pasos necesarios para adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia, para o cal asinará o acordo de adhesión previsto no convenio da FEGAMP.

8/82 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 125/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PEONALIZACIÓN DA MOSQUEIRA NA RONDA DA MURALLA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar os trámites e estudos necesarios para efectivizar a peonalización do tramo da Mosqueira na ronda da Muralla.

SEGUNDO.- Convocar, á maior brevidade posible, unha Comisión de estudo da mobilidade do municipio para artellar o Modelo de cidade para Lugo, tendo en

conta as directrices que se estimen oportunas do Plan de Mobilidade e os criterios e propostas de membros de todos os grupos desta corporación, así como dos técnicos municipais.

9/83 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 126/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA CASA DA MÚSICA.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Arranxar de forma inmediata os danos no material e deficiencias existentes da Casa da Música.

SEGUNDO.- Iniciar o proceso para a ampliación do seu horario de apertura e revisar a o procedemento de solicitude de espazos tratando de reducir os trámites necesarios.

TERCEIRO.- Iniciar os estudos pertinentes de cara a ampliar a Casa da Música unha vez que se dispoña doutros espazos de titularidade pública.

10/84 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 127/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REGULARIZACIÓN, MELLORA E UNIVERSALIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN MUNICIPAL.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Goberno Local a licitar con efecto inmediato a prestación do servizo específico referente aos menús escolares (elaborar, preparar e servir os mesmos; transportalos e limpar), para asegurar o estrito cumprimento dos estándares legais, técnicos e de calidade establecido no DECRETO 132/2013 de 1 de agosto da Xunta de Galicia, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos dependentes da Consellería con competencias en materia de Educación.

SEGUNDO.- Iniciar os trámites para establecer un convenio de colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a prestación do servizo de comedores escolares, para poder acceder así ao financiamento autonómico que facilite a subvención dos prezos públicos dos menús escolares ás familias que máis o precisen, e instar á mesma autoridade autonómica competente na materia a ir asumindo paulatinamente a xestión integral deste servizo nos centros de ensino nos que actualmente o Concello de Lugo é a teórica entidade xestora.

TERCEIRO.- Elaborar unha ordenanza fiscal de comedores escolares para a súa entrada en vigor no vindeiro ano 2017, que garanta uns prezos públicos racionais e asumibles para as familias, así como a progresividade nos mesmos atendendo a criterios de renda da unidade familiar.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2016

CUARTO.- Redactar un Regulamento Municipal de Comedores Escolares que estableza os dereitos e deberes da comunidade escolar con respecto a este servizo e unhas bases e principios claros que aseguren e faciliten o seu bo funcionamento en todo momento. Contaráse na súa elaboración coa participación de representantes dos Consellos Escolares e ANPAS de tódolos centros de ensino beneficiarios do devandito servizo municipal.

11/85 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 128/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DO IES LUCUS AUGUSTI.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a colaborar e actuar de forma coordinada coa Xunta de Galicia na retirada dos símbolos franquistas do IES Lucus Augusti, dando cumprimento ao acordo plenario unánime da sesión do 14 de abril do Parlamento Galego.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a completar a retirada do resto de símbolos franquistas persistentes en edificios públicos da cidade, en cumprimento da vixente Lei de Memoria Histórica.

12/86 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 129/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A UNIVERSALIZACIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA E RECUPERACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE SANIDADE.- O Excmo. Concello Pleno, por dezaseis votos a favor, sete en contra e ningunha abstención, aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Socialista e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno de España a derrogar o Real Decreto Lei 16/2012, para restablecer a universalidade da cobertura do Sistema Nacional de Saúde e reformar a lexislación sanitaria para asegurar a sustentabilidade dun sistema sanitario público, universal, de calidade, gratuíto, con equidade no acceso por parte dos cidadáns, cunha mesma carteira básica de servizos para toda a cidadanía nun marco de ampla descentralización.

SEGUNDO.- Levar estes compromisos ao Consello Interterritorial de Sanidade.

TERCEIRO.- Esixir á Xunta de Galicia a prestación dunha sanidade universal e pública, eliminando dos criterios de prestación de servizos as razóns económicas.

C) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/87 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE MARZO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

14/88 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 1602093 DO 18 DE MARZO DE 2016 POLO QUE SE MODIFICA A ADSCRICIÓN DUN DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA Á COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE MEDIO RURAL, INFRAESTRUTURAS E DEPORTES.

D) MOCIÓNS DE URXENCIA

15/89 **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 130/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR AS INSTALACIÓNS DO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA LUÍS PIMENTEL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes medidas para a mellora das instalacións do Centro de Educación Infantil e Primaria Luís Pimentel:

- Estudar a posibilidade de facer un novo edificio que recolla a totalidade do ciclo de Infantil, con salón de actos e sala de usos múltiples.
- Mellora da accesibilidade dos patios de recreo, eliminando desniveis e chanzos entre pistas.
- Substitución do pavimento do porche de acceso ao patio dende o edificio principal.
- Mellora do estado dos patios e pistas deportivas, que presentan un notable deterioro.
- Posibilitar a accesibilidade de vehículos de mantemento/urxencias ao ximnasio, ao través da pista de fútbol, mediante unha rampa.
- Cubrición do paso exterior que comunica o edificio principal co edificio que alberga o ximnasio e as clases de Infantil, e de 1º e 2º de Primaria, por ser zona de tránsito obrigado do alumnado nos cambios de clase.
- Substitución da cuberta do edificio principal.
- Cubrición dun dos patios de recreo que quedan ao descuberto.

16/90 **MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 131/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE USOS E APERTURA DO NOVO AUDITORIO DE LUGO.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Que o propio concello de Lugo promova ou inste á Xunta de Galiza a facer unha xuntanza e posterior visita cos colectivos e entidades lucenses que traballan no eido da cultura, entre outros, para dar a coñecer as características do novo auditorio e as dotacións que posúe neste momento.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap04

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2016

SEGUNDO.- Que o goberno municipal, de acordo co departamento correspondente da Xunta de Galiza, analicen e definan o equipamento necesario para permitir a apertura do novo auditorio. Unha vez definido, se traslade esta información ós colectivos e entidades culturais da cidade para contrastar a súa idoneidade.

TERCEIRO.- Que se establezan os necesarios cauces de comunicación entre o concello de Lugo e o tecido asociativo para analizar como se vai se vai a realizar a xestión dos novos espazos culturais dependentes do concello de Lugo.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

- A) DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 120/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INICIE UN ESTUDIO DETALLADO DOS PASOS DE PEÓNS DO NÚCLEO URBANO.

Lugo, 6 de maio de 2016
A VICESECRETARIA,

Asdo.: María García Ferro